



ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza fiscal reguladora sobre **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario **durante o prazo de 15 días** a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Obter maiores ingresos que permitan desenvolver investimentos no Municipio, e mellorar a economía da Entidade local.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Utilización racional dos recursos co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente.</i>
Obxectivos da norma	<i>Cubrir o custo do servizo que constitúe o feito impositivo. Regulamentar as verteduras e prestación do servizo de saneamento e depuración, para a xestión desta parte do ciclo da auga.</i>

O ALCALDE

Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

